



PLAN DE ADAPTACIÓN

Á SITUACIÓN COVID-19 DURANTE O CURSO 2020/2021

1. INTRODUCCIÓN

Dada a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 é necesario adoptar medidas para protexer a saúde e a seguridade do alumnado que participe nas actividades extraescolares. A tal fin recolleemos as indicacións publicadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos seguintes documentos:

- *Medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID -19 para centros educativos no curso 2020/2021*

<https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:7e90bfc0-502b-4f18-b206-f414ea3cdb5c/medidas-centros-educativos-curso-20-21.pdf>

- *Acordo do Consello interterritorial do sistema nacional de saúde, adoptado en coordinación coa conferencia sectorial de educación, sobre a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/2021.*

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/27_08_2020_Guia_de_actuacion_centros_educativos.pdf

- *Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021*

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/version_1.10_protocolo_covid_inicio_do_curso_20-21_version_post_mesa_e_xad_2-1.pdf

Este último recolle no punto 12.1 que a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

2. MEDIDAS XERAIS A ADOPTAR NAS ACTIVIDADES

A ANPA A Lagoa establecerá medidas específicas para cada actividade e servizo atendendo ás súas particularidades.

A compra e os gastos do diferente material sanitario (xel hidroalcohólico, panos desbotables e solución desinfectante) será custeado pola ANPA de forma íntegra. As consellerías non prevén dotación adicional para as ANPA. As máscaras do alumnado serán responsabilidade de cada familia.

Medidas xerais:

- Uso obrigatorio de máscara en todas as actividades excepto as deportivas, nas que serán de aplicación os protocolos específicos de cada unha delas.
- Poderase eximir do uso de máscaras en actividades non deportivas previa xustificación das causas e condicionado á valoración conxunta da ANPA e os monitores e monitoras.
- Garantir a distancia mínima entre o alumnado de 1,5 metros en todos os espazos.
- Limitar o número máximo de participantes en cada actividade para garantir a separación.
- Dispensadores de solución hidroalcohólica en cada actividade a cargo do monitor/a.
- Panos desbotables en cada actividade a cargo do monitor/a-
- Como norma xeral, prohíbese o material compartido en todas as actividades. Nas que isto non sexa posible, será obrigatoria a desinfección previa por parte dos monitores.
- Non se poderán levar da casa ás actividades material que poida ser compartido entre o alumnado (xoguetes, balóns, etc.)
- O acceso aos aseos cando o alumnado o requira só se permitirá de xeito individual.

3. MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA

Serán responsabilidade dos monitores e monitoras das actividades as tarefas de ventilación frecuente nas aulas, durante 5 minutos ao inicio da xornada.

Como norma xeral, todas as portas deberán permanecer abertas para mellorar a renovación do aire dos espazos.

Será responsabilidade dos monitores e monitoras das actividades a desinfección previa das mesas, cadeiras e material utilizado ao inicio da clase.

4. XESTIÓN DOS ABROCHOS

Aplicaranse as medidas establecidas polas consellerías competentes na materia e polo CEIP.

Ante a detección de síntomas durante unha actividade, contactarase coa familia.

Débase chamar ao centro de saúde de referencia ou ao 061 en caso de problemas respiratorios.

Esta situación comunicarase ao equipo COVID do CEIP por vía telefónica.

A ANPA ten a obriga de facilitar ao monitor ou monitora a listaxe coa relación do alumnado da actividade e os datos de contacto das familias.

Todas as familias teñen a obriga de indicar os datos de contacto necesarios para garantir a súa localización inmediata por teléfono no caso de incidencia durante o transcurso das actividades da ANPA.

O peche dunha aula do CEIP por abrocho terá efectos nas actividades extraescolares. É dicir, os alumnos en aillamento por peche de aula non poderán asistir ás actividades. Os efectos económicos das cotas das actividades serán valorados en cada caso dependendo da duración do peche e a súa extensión.

O peche do centro provocará a cancelación de actividades mentres dure o mesmo.

A reincorporación ás actividades aplicaráselles a aqueles alumnos que se vaian incorporando ás aulas de forma progresiva.

A ANPA A Lagoa manterá informadas ás familias a través do correo electrónico proporcionado polas mesmas na alta de socios. Todas as familias están obrigadas a manter este dato correcto e actualizado durante a súa condición de socias.

5. REGULACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS NAS ACTIVIDADES

As familias colocaranse sempre no patio para recoller aos nenos e nenas, mantendo a distancia de seguridade e utilizando máscara. Queda totalmente prohibida a entrada nos recintos de realización das actividades, salvo casos excepcionais debidamente xustificados.

Recomendarase o acceso a recoller a un alumno ou alumna a un único adulto por neno/a. Pregarase ás familias que recollan ao seu neno ou nena e deixe a zonas libre, evitando os grupos de conversa.

A información detallada sobre a recollida do alumnado e sobre as normas de cada actividade entregarase a cada familia por escrito.

6. ATENCIÓN DA ANPA

Nas primeiras semanas do curso establecerase un horario de atención ás familias para que entreguen a folia de actividades debidamente cumprimentada.

Durante o curso atenderemos por correo electrónico dirixido a anpa.ceipmonforte@edu.xunta.es todas as dúbidas ou suxestións que as familias desexen facer.

7. RESPONSABILIDADES DO MONITOR OU MONITORA

Todos os monitores e monitoras están obrigados a coñecer e cumprir este protocolo.

Ademais por cada actividade extraescolar existe un protocolo específico, con respecto ás medidas de seguridade e procedementos, de obrigado cumprimento pola súa parte.

Accederán ás instalacións coas medidas de protección e cumprindo as normas de distancia e acceso a espazos establecidas en cada momento.

Proporcionaráselles, unha listaxe do alumnado participante na súa actividade así como os números de teléfono onde localizar á persoa responsable da ANPA.

Son os responsables de manter a distancia de seguridade, a hixiene de mans (con xel hidroalcohólico) e uso das máscaras (cando sexa necesario), tanto á entrada na aula da súa actividade como á saída, encargándose tamén da súa desinfección.

No caso de que algún alumno ou alumna presente algún síntoma relacionado coa Covid, o monitor ou monitora deberá avisar de forma inmediata ao membro de garda da ANPA que acompañará ao alumno ou alumna ao espazo de illamento ata que o recolla a familia.

8. RESPONSABILIDADES DAS FAMILIAS USUARIAS

As familias deberán coñecer e cumprir as normas establecidas nos protocolos en vigor en cada momento.

Para iso deberán asinar unha declaración responsable ao respecto do COVID-19 que será obrigatoria para poder ter acceso ás actividades extraescolares

O incumprimento das obrigas establecidas polos protocolos en vigor poñendo en risco a saúde do resto de participantes e do monitor ou monitora poderá ter como consecuencia a prohibición de participar nas actividades organizadas pola ANPA.

9. OUTRAS ACTIVIDADES

No presente curso non se organizarán actividades de grande afluencia de persoas mentres sexa de aplicación o presente protocolo por alerta sanitaria.

As asembleas da ANPA serán telemáticas preferentemente. A convocatoria farase a todos os socios a través de correo electrónico indicando a orde do día e toda aquela documentación que requira revisión previa. Os votos formalizados na propia sesión telemática serán considerados válidos, para o cal as sesións poderán ser grabadas.

Nas actividades dirixidas ás familias (charlas ou obradoiros) reducirase a capacidade e garantiranse as medidas sanitarias en vigor.

10. PROTOCOLOS ESPECÍFICOS PARA CADA ACTIVIDADE

OS PRIMEIROS DO COLE

A monitora encargada do servizo *Os primeiros do cole* antes da entrada á actividade facilitará o xel hidroalcohólico para que os participantes desinfecten as mans de maneira individual e ordenada.

O uso de máscara será obrigatorio para todo o alumnado e para o monitor/a durante a clase e nos desprazamentos.

As actividades que se organicen garantirán que todo o alumnado estea separado 1,5 metros, e que non se comparta material.

FÚTBOL, BALONCESTO E VOLEIBOL

Para a correcta circulación marcarase na parede con adhesivos frechas co sentido en que teñen que dirixirse ata a pista ou á saída da mesma tras terminar un adestramento.

No chan marcaranse con cinta illante a distancia de seguridade entre xogadores á espera de empezar o adestramento ou ao termo do mesmo.

O material compartido será unicamente xestionado e distribuído polos adestradores así como a súa desinfección antes do inicio do adestramento ou cando se comparta o material co mesmo equipo.

Os balóns serán marcados cun número, cada un deles da mesma talla, para saber quen utiliza cada un deles. Se algún balón é utilizado por outra persoa distinta terá que ser desinfectado.

Os conos, bloques e barras soamente serán manipulados polos adestradores e desinfectados previamente.

Será obrigatorio acudir con máscara, roupa deportiva xa posta, e botella de auga identificadas co nome do xogador/a que deixarán nas zonas habilitadas para iso.

Antes da entrada a pista o monitor/a facilitará o xel hidroalcolico para que os participantes desinfecten as mans de maneira individual e ordenada. Na saída da actividade o monitor ou monitora favorecerán unha saída ordenada dos participantes, coa máscara posta, e de novo xel hidroalcolico nas mans.

DEBUXO

Todo o alumnado estará separado 1,5 metros en pupitres individuais mirando cara ao pupitre do profesor, nunca enfrontados. Cada pupitre e cadeira débese desinfectar antes de cada clase e procurárase que un mesmo alumno/a use o mesmo pupitre.

O alumnado deberá traer de casa e levar ao final da clase o seguinte material: bloc de debuxo, lápices de cores, lápices, afilalápiz, e goma de borrar. Todo o material deberá vir nun estoxo ou mochila individual.

O uso de máscara será obrigatorio para todo o alumnado e para o monitor/a durante a clase e nos desprazamentos.

INFORMÁTICA

A organización do alumnado nos ordenadores dentro da aula de informática deberá permitir unha separación de 1,5 m. entre cada alumno/a. Na medida do posible cada ordenador será asignado a un único alumno/a durante todo o curso e o monitor/a desinfectará antes da actividade cada posto de traballo.

O uso de máscara será obrigatorio para o alumnado e o monitor.

XADREZ

A separación entre o alumnado será de 1,5 m. O uso de máscaras será obrigatorio.

Nas partidas tradicionais poderase empregar unha pantalla de metacrilato que facilitará a ANPA ou que cada un faga no seu taboleiro e o rival diga en alto a xogada, evitando deste xeito que as pezas sexan tocadas por mais dun alumno/a.

En todo caso, antes do comezo de cada partida o monitor/a desinfectará o taboleiro, as pezas e os reloxos.

XIMNASIA RÍTMICA

Cada participante deberá traer o material da casa en mochilas individuais.

Cada ximnasta levará o seu material necesario, ademáis dunha toalla grande para evitar na medida do posible o contacto coas superficies (esterillas, colchonetas, bancos, etc)

Deben traer o pelo recollido para evitar contacto das mans na cara.

Garantizarase a distancia mínima de seguridade durante a actividade entre as ximnastas.

Deberán levar calcetines en todo momento e gardar o calzado propio na mochila.

Procederáse á recollida e desinfección de todo o material empregado durante a sesión de adestramento.

TEATRO

Promoveranse obras nas que se reduza o movemento e na que poidan estar sentados ou permanezan de pé sen apenas movemento.

Evitaranse obras nas que non se garanta a distancia de seguridade ou se reproduzan prácticas non seguras.

Cada participante terá o seu propio guión e non poderá compartilo.

No caso de utilizar obxectos que sirvan para a dramatización, estes serán desinfectados tras o seu uso. Favoreceremos a implicación dos nenos/ as e nenas para que traian de casa o obxecto persoal para o seu propio uso.

RECICLAXE

Evitaranse os traballos colectivos.

Promoverase a implicación do alumnado para que sexan eles quen traian os seus propios materiais de reciclaxe. Estes non serán compartidos.

Non se poderán compartir pinceis, rotuladores, ceras, etc. Na medida do posible as témperas e acuarelas serán depositadas en vasiños individuais que lavará e desinfectará tralo seu uso o monitor ou monitora.

Nunca quedarán na aula as obras realizadas ou o material.

PATINAXE

Para a correcta circulación marcarase na parede con adhesivos frechas co sentido en que teñen que dirixirse ata a pista ou á saída da mesma tras terminar un adestramento.

No chan marcaranse con cinta illante a distancia de seguridade entre participantes á espera de empezar o adestramento ou ao termo do mesmo.

Os conos, bloques e barras soamente serán manipulados polo monitor ou monitora e desinfectados previamente.

Será obrigatorio acudir con máscara, roupa deportiva, patíns e proteccións xa postos, e botella de auga identificadas co nome do participante que deixarán nas zonas habilitadas para iso.

Antes da entrada a pista o monitor ou monitora facilitará o xel hidroalcohólico para que os participantes desinfecten as mans de maneira individual e ordenada. Na saída da actividade o monitor ou monitora favorecerá unha saída ordenada dos participantes, coa máscara posta, e de novo xel hidroalcohólico nas mans.

COACHING EDUCATIVO

Todo o alumnado estará separado 1,5 metros en pupitres individuais mirando cara ao pupitre do profesor, nunca enfrontados. Cada pupitre e cadeira débese desinfectar antes de cada clase e procurarase que un mesmo alumno/a use o mesmo pupitre.

Todo o material que se precise (lapis, goma, bolígrafos, follas) deberá vir nun estoxo ou mochila individual.

O uso de máscara será obrigatorio para todo o alumnado e para o monitor/a durante a clase e nos desprazamentos.

